



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 4 de marzo de 2020**

1. Concédese licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar en Montecelo 40, Loira, Seixo, Marín.
2. Dáse conta da comunicación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico relativa á aprobación polo Servizo Provincial de Costas en Pontevedra do “Plan de explotación de servizos de tempada de verán 2020” para os areas do Concello de Marín.
3. Dáse conta da autorización para a contratación anticipada de socorristas e patróns ao abeiro das subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
4. Acórdase a participación no Plan de Mellora de camiños municipais 2020-2021, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a actuación denominada “Mantemento da estrada rural Troncosa-Candóns”, cun orzamento de 31.905,00 euros.
5. Solicítase subvención, por importe de 8.103,38 euros, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro, ao abeiro das subvencións a concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos de Galicia, da Axencia Turismo de Galicia.
6. Solicítase subvención, por importe de 5.402,25 euros, para a contratación dun/ha traballador/a para a oficina de información turística ao abeiro das subvencións para o financiamento dos custos da dotación de persoal para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo Info Rías Baixas durante o ano 2020, da Deputación de Pontevedra.
7. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Dáse conta das bases de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40004AC030016K3W8W007C3 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200306179
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 11/03/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2020 14:29:35	Fecha: 11/03/2020 Hora: 14:29

